

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DENOMINADO "SERVIZO DE ATENCIÓN LOGOPÉDICA PARA MENORES XORDOS E/OU CON DISCAPACIDADE AUDITIVA E AS SÚAS FAMILIAS" NO ANO 2026.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E doutra, María Alonso Mesía, con DNI [REDACTED], que actúa en nome e representación da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (en adiante FAXPG), co NIF G15068091, en virtude da súa condición de presidenta dela, de acordo co nomeamento outorgado por Acordo da Asemblea Xeral o 15.06.2024, de conformidade co disposto nos artigos 35 e 36 dos seus estatutos, como así consta no rexistro de asociacións.

Ambas as dúas partes, interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas,



EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social e Igualdade ao abeiro do disposto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de asistencia social incluíndo, entre outras, as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

CUARTO. Que a FAXPG é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2004/000107-2 e recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número 1208 e ten entre as súas funcións a de promover todas aquelas actividades que, individual ou socialmente, favorezan a integración das persoas xordas e/ou con discapacidade auditiva e, en xeral, dar resposta ás necesidades das persoas xordas ou con discapacidade auditiva, das súas



familias e dos profesionais que traballan con elas, a través de accións de atención e orientación, así como mediante a planificación de diferentes servizos destinados a estas familias.

QUINTO. O proxecto da FAXPG denominado "Servizo de atención logopédica para menores xordos e/ou con discapacidade auditiva e as súas familias" cuxa subvención se pretende a través deste convenio, contempla actuacións de intervención logopédica dirixidas ás persoas menores, actuacións de asesoramento ás familias durante o proceso de desenvolvemento comunicativo e lingüístico da persoa menor, de información e atención a centros educativos no relativo a recursos, metodoloxías e estratexias a empregar có alumnado con discapacidade auditiva, de orientación e coordinación cós servizos de atención temperá externos á Federación, así como de obradoiros para pais e nais vinculados ao servizo.

Concretamente as actuacións están dirixidas ao núcleo familiar e pivotan sobre os obxectivos de procurar un desenvolvemento lingüístico axeitado a través de estratexias comunicativas idóneas entre os membros da familia.

SEXTO. Conforme ao dito, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa FAXPG para contribuír ao financiamento do proxecto de atención logopédica para menores xordos e/ou con discapacidade auditiva e ás súas familias durante o ano 2026, mediante a concesión directa dunha subvención pública.

De acordo co exposto e de conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade correspóndelle á Dirección Xeral competente en materia de familia e Infancia exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, infancia e adolescencia segundo o disposto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia na que se definen as familias de especial consideración, entre as que se atopan as familias con persoas con discapacidade ao cargo, o que implica que sexan obxecto dunha especial protección e trato preferente nos ámbitos especificados na dita lei. Polo dito é de especial interese para esta consellería fomentar o desenvolvemento dun proxecto destinado ás familias con nenos e nenas xordos ou con



discapacidade auditiva por parte dunha entidade social con recoñecida experiencia e formación neste ámbito.

O proxecto cumpre por tanto, cos seguintes requisitos:

- O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A concesión por parte desta consellería dunha subvención nominativa a favor FAXPG para esta anualidade vai dirixida a garantir os servizos especializados de atención ás persoas xordas, ao longo do seu ciclo vital, pero non inclúe accións vinculadas ao servizo de logopedia especializado en menores con discapacidade auditiva a subvencionar a través do presente convenio. Este proxecto vai dirixido á atención logopédica de menores xordos e/ou con discapacidade auditiva e á orientación sobre estratexias comunicativas ás súas familias e centros educativos, fomentando o desenvolvemento normalizado da familia.

Para o seu desenvolvemento precisa da intervención de profesionais especializados no ámbito da xordeira e con amplos coñecementos dos diversos medios de comunicación que poden ser empregados polas persoas xordas, entre eles, a lingua de signos.

Polo carácter especializado deste proxecto a FAXPG é a única entidade habilitada para a súa execución dentro da Comunidade Autónoma de Galicia dado que conta cun tecido asociativo constituído por oito entidades asociadas e cun equipo de profesionais especializados na atención logopédica a menores xordos e/ou con discapacidade e no traballo coas súas familias.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social e Igualdade considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio consiste en contribuír a través da concesión directa dunha subvención pública ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do proxecto "Servizo de atención logopédica para menores xordos e/ou con discapacidade auditiva e as súas familias" que a FAXPG ten previsto desenvolver no ano 2026.

O proxecto ten como principais ámbitos de actuación, a atención logopédica a menores xordos e/ou con discapacidade auditiva, a orientación ás súas familias e a aos centros educativos sobre as estratexias comunicativas en lingua de signos e o asesoramento ás familias e/ou contorna de convivencia ao longo do proceso de desenvolvemento comunicativo e lingüístico do/da menor.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

A FAXPG desenvolverá as seguintes actuacións constitutivas do proxecto a subvencionar:

- a) Intervención logopédica para ensinar aos/ás menores a interpretar os estímulos nerviosos ou a utilizar as próteses auditivas adecuadamente e facilitarlles a aprendizaxe da fala usando como ferramenta a lingua de signos.
- b) Asesoramento ás familias e/ou contorna de convivencia ao longo do proceso de desenvolvemento comunicativo e lingüístico dos/das menores, establecendo conxuntamente os obxectivos e acompañándoos durante o proceso de aprendizaxe.
- c) Información e atención a centros educativos acerca de estratexias, recursos e metodoloxías a empregar co alumnado con discapacidade auditiva.
- d) Orientación e coordinación cos servizos de atención temperá externos á FAXPG, de cara á derivación de casos e á realización dunha intervención coordinada.
- e) Organización de obradoiros para pais e nais de carácter pedagóxico.



f) Accións formativas en lingua de signos en centros educativos (individuais e /ou grupais)

TERCEIRA. ORZAMENTO

O custo total do proxecto é de 96.194,79€. A Consellería de Política Social e Igualdade financiará un importe de 27.238,23€ con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.0 na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento destinado a esta consellería para o ano 2026.

A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade coa que se subscribe este convenio.

CUARTA. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria

QUINTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. Para poder ser entidade beneficiaria das axudas a FAXPG deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a continuación se relacionan:

a) Non ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarada insolvente en ningún procedemento, non ter sido declarada en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeita a intervención xudicial ou ser



inhabilitada conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio , polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Non dar lugar, por causa da que fora declarada culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d) Non estar incurso a persoa física, as persoas administradoras ou aquelas que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A FAXPG debe cumprir, ademais, coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. No



ámbito da comunidade autónoma, debe facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención da Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvencións.

c) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da entidade beneficiaria. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A entidade beneficiaria debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei



SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza das actividades que formen parte do proxecto subvencionado a través deste convenio e se realicen no prazo establecido na súa cláusula décimo quinta, de acordo coa desagregación que figura na memoria económica e no seguinte cadro:

Concepto			TOTAL
Logopeda (grupo II) 11 meses	Salario	11.559,50 €	15.227,94€
	Seg. Social	3.668,44 €	
Especialista de linguaxe de signos (grupo III) 11 meses	Salario	10.547,67€	11.162,19 €
	Seg. Social	614,52€	
Desprazamentos			848,10 €
Total gastos			27.238,23 €

De acordo co artigo 29.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

2. De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, determínase que o prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio remate o 15 de decembro de 2026. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais de 2026 liquidables con posterioridade á data de xustificación sen exceder do dito ano 2026 estas terán como límite da xustificación o 15 de xaneiro do ano seguinte.

Achega da Consellería de Política Social e Igualdade	27.238,23€
Período de realización de gastos e pagos	01.01.2026-15.12.2026
Data límite da presentación da documentación xustificativa	15.12.2026



3. De acordo co establecido no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os tributos son gasto subvencionable cando a entidade os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

4. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN DE GASTOS E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.

b) O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

2. Para a xustificación do pagamento dos gastos a subvencionar deberán presentar:

a) Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao proxecto, na que conste:

1º. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como necesarias para a realización das actividades a desenvolver dentro do proxecto que se subvenciona a través deste convenio indicando os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome e NIF da persoa traballadora, base do Imposto da Renda das Persoas Físicas, retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.

2º. Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento, mediante achega de xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).



3º. Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, a entidade provedora, o importe, detallando o IVE, a data de emisión e a data de pagamento.

b) Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

c) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

3. Así mesmo, antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade beneficiaria deberá presentar ademais dos documentos aos que se refire o número 2, unha memoria de actuacións a subvencionar a través do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos así como os medios e recursos nos que se realizaron as actividades a subvencionar.

4. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

5. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral competente en materia de familia e infancia, poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións Públicas sobre a situación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da dita entidade, en cuxo caso deberá achegar a documentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:



- a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria-
 - b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.
 - c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.
6. A entidade beneficiaria queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

OITAVA. PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA

1. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de acordo co Decreto 123/2006, do 20 de xullo.
3. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.
4. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.



NOVENA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 17.4 da lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas representantes da FAXPG designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de familia e infancia.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral competente en materia de familia e infancia, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. RELACIÓN LABORAL

Para levar a cabo os obxectivos e fins do proxecto a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente



convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actuacións citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións que forman parte do referido proxecto de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se deriva da concesión directa dunha subvención a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas



legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO TERCEIRA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1. Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.



d) Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO CUARTA. RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto



presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realizase a FAXPG dende o 1 de xaneiro de 2026, tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio no lugar e data da súa sinatura dixital.

A Conselleira de Política Social e Igualdade A Presidenta da Federación de Asociacións
de Persoas Xordas de Galicia

Fabiola García Martínez

María Alonso Mesía

